

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 21 DE XULLO

DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e un de xullo de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Coñecemento dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos respecto da adscrición de concelleiros ás Comisións Informativas permanentes e Comisión Especial de Contas

De orde do Sr. presidente dáse lectura pola secretaria da Corporación aos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais, nos que se conteñen os concelleiros que se asignan por cada grupo ás distintas Comisións Informativas:

- escrito presentado polo voceiro de EU, rexistrado de entrada ao núm. 12226 o 14 de xullo de 2011

- escritos presentados polo voceiro do PSdeG-PSOE, rexistrados de entrada ao núm. 12227 o 14 de xullo de 2011, e ao núm. 12355 o 18 de xullo de 2011

- escrito presentado polo voceiro do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 12265 o 14 de xullo de 2011

- escrito presentado polo voceiro de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 12270 o 14 de xullo de 2011

- escrito presentado polo voceiro do Grupo Mixto, rexistrado de entrada ao nú. 12279 o 14 de xullo de 2011

- escritos presentados polo voceiro do PP, rexistrados de entrada ao núm. 12304 o 15 de xullo de 2011, e ao núm. 12447 o 19 de xullo de 2011

Tendo en conta as asignacións efectuadas, as Comisións Informativas quedan integradas polos concelleiros segundo se transcribe a continuación:

A) Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Manuel Rivas Caridad	Rocío Vila Díaz Fernando Caride Suárez Santiago Manuel Ríos Rama
Felipe Andreu Barallobre	
Marta María Vázquez Golpe	
María Jesús González Roel	

- do PSdeG-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Augusto Rey Moreno	José Manuel Lemos Seoane María Luisa Sanjurjo Cacheiro
Margarita Iglesias Pais	
Jesús Bao Bouzas	

- de UxC:

<u>Títular:</u>	<u>Suplente:</u>
José Antonio Orosa Fernández	Elisa Pestonit Barreiros
Óscar Alfonso García Patiño	

- de EU:

<u>Títular:</u>	<u>Suplente:</u>
María Olga Santos López	Luis Miguel Taibo Casás

- do BNG

<u>Títular:</u>	<u>Suplente:</u>
María Victoria Amor Prieto	Alfredo Rodríguez Abella

- do Grupo Mixto

<u>Títular:</u>	<u>Suplente:</u>
José Antonio Baamonde López	Manuel Marante Gómez

B) Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Manuel Rivas Caridad	María Jesús González Roel Marta María Vázquez Golpe Santiago Manuel Ríos Rama
Rocío Vila Díaz	
Felipe Andreu Barallobre	
Fernando Caride Suárez	

- do PSdeG-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Manuel Lemos Seoane	Margarita Iglesias Pais Jesús Bao Bouzas
María Luisa Sanjurjo Cacheiro	
Augusto Rey Moreno	

- de UxC:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Óscar Alfonso García Patiño	Elisa Pestonit Barreiros
José Antonio Orosa Fernández	

- de EU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	María Olga Santos López

- do BNG

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Alfredo Rodríguez Abella	María Victoria Amor Prieto

- do Grupo Mixto

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	José Antonio Baamonde López

C) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Manuel Rivas Caridad	Felipe Andreu Barallobre Rocío Vila Díaz Marta María Vázquez Golpe
María Jesús González Roel	
Fernando Caride Suárez	
Santiago Manuel Ríos Rama	

- do PSdeG-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
José Manuel Lemos Seoane	Augusto Rey Moreno María Luisa Sanjurjo Cacheiro
Margarita Iglesias Pais	
Jesús Bao Bouzas	

- de UxC:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Elisa Pestonit Barreiros	José Antonio Orosa Fernández
Óscar Alfonso García Patiño	

- de EU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
María Olga Santos López	Luis Miguel Taibo Casás

- do BNG

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
María Victoria Amor Prieto	Alfredo Rodríguez Abella

- do Grupo Mixto

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
José Antonio Baamonde López	Manuel Marante Gómez

D) Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Manuel Rivas Caridad	Felipe Andreu Barallobre Rocío Vila Díaz Marta María Vázquez Golpe
Santiago Manuel Ríos Rama	
María Jesús González Roel	
Fernando Caride Suárez	

- do PSdeG-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
María Luisa Sanjurjo Cacheiro	Margarita Iglesias Pais Jesús Bao Bouzas
José Manuel Lemos Seoane	
Augusto Rey Moreno	

- de UxC:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
José Antonio Orosa Fernández	Óscar Alfonso García Patiño
Elisa Pestonit Barreiros	

- de EU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Luis Miguel Taibo Casás	María Olga Santos López

- do BNG

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Alfredo Rodríguez Abella	María Victoria Amor Prieto

- do Grupo Mixto

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	José Antonio Baamonde López

E) Comisión Expecial de Cuentas

- do PP:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Manuel Rivas Caridad	Rocío Vila Díaz Fernando Caride Suárez Santiago Manuel Ríos Rama
Marta María Vázquez Golpe	
Felipe Andreu Barallobre	
María Jesús González Roel	

- do PSdeG-PSOE:

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Margarita Iglesias País	Augusto Rey Moreno José Manuel Lemos Seoane
Jesús Bao Bouzas	
María Luisa Sanjurjo Cacheiro	

- de UxC:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Óscar Alfonso García Patiño	José Antonio Orosa Fernández
Elisa Pestonit Barreiros	

- de EU:

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
María Olga Santos López	Luis Miguel Taibo Casás

- do BNG

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Alfredo Rodríguez Abella	María Victoria Amor Prieto

- do Grupo Mixto

<u>Titular:</u>	<u>Suplente:</u>
Manuel Marante Gómez	José Antonio Baamonde López

2º Coñecemento da aceptación de cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial

De orde do Sr. presidente dáse conta pola secretaria da Corporación da Resolución da Alcaldía núm.1193, de data 14 de xullo de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de 12 de xullo actual, son os seguintes:

- Dona M^a Jesús González Roel
- Don Felipe Andreu Barallobre
- Dona Rocío Vila Díaz
- Don Fernando Caride Suárez
- Dona Marta María Vázquez Golpe
- Don Santiago Manuel Ríos Rama

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros/as designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Con base nos acordos do Pleno da Corporación de referencia, como alcalde-presidente do Concello de Cambre, desempeñarei as ditas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e dedicación acordados.

Cuarto: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.”

A secretaria da Corporación fai constar que, con data 15 de xullo de 2011, os señores concelleiros delegados de área aceptaron desempeñar os seus cargos en réxime de dedicación parcial, coas obrigas que iso comporta.

3º Proposta de aprobación de contías de prezo público correspondentes ao acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 14 de xullo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 19 de xullo de 2011.

Dona M^a Jesús González Roel explica que se trata de aprobar unicamente unha nova contía, conservan as mesmas tarifas do pasado ano, e fixeron un pequeno esforzo para que non supuxese un maior custo adicional.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tamén van manter o seu voto de abstención emitido nas Comisións Informativas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo tamén vai manter o voto de abstención, pero que lle gustaría que se explicase como vai quedar o tema do baile da 3^a idade.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que se lle propuxo á Asociación da 3^a idade que levasen eles mesmos esa actividade. Di que aí houbo uns pequenos desacordos nalgún momento, agora se lles propuxo que o levaran eles, que cobraran a actividade, que asumiran os ingresos e perdas, como calquera outra asociación que pode levar a cabo actividades de manualidades, pintura, etc.

A asociación aceptou encargarse da organización. Di que iso supón para o concello aforrarse as horas extraordinarias que tiñan que pagar ao conserxe encargado de ir todos os domingos. Nunha reunión que tiveron, a asociación amosouse moi satisfeita con esta solución. Di que, ademais, tamén se formou outra asociación na Barcala que tamén demandaba isto mesmo. Propúxolles encargarse do baile, e aceptaron.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que eles tamén van manter o voto de abstención emitido nas Comisións. En todo caso, gustaríalles preguntar polos monitores das actividades de ximnasia de maiores e tamén de hipoterapia para persoas con discapacidade, e saber se esa xente dispón da titulación e homologación adecuada para levar a cabo esas actividades.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que claro está que son profesionais, e que se en calquera momento quere comprobar algunha cousa pode achegarse a Servizos Sociais, porque non teñen ningún inconveniente en que comprobe el mesmo o que queira.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vai manter o voto de abstención da Comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes contías de prezo público correspondentes ao acordo nº 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

<u>ACTIVIDADES MUNICIPAIS DE ENCONTRO E LECER</u>	<u>TARIFA</u>
ACTIVIDADES ANUAIS	
Reforzo cultural para adultos	0,00 euros
Ximnasia mantemento 3ª idade (3 horas semanais)	75,00 euros
Ximnasia mantemento 3ª idade (2 horas semanais)	60,00 euros
Manualidades	0,00 euros
Obradoiro relaxación e expresión corporal	60,00 euros
Obradoiro de cociña	60,00 euros
Obradoiro de pintura	60,00 euros
Obradoiro corte e confección	60,00 euros
Plástica	60,00 euros
Obradoiro lúdico-cultural para nenos/as	0,00 euros
Outras actividades (obradoiro de memoria ou interculturalidade)	0,00 euros
Hipoterapia para persoas con discapacidade	10,00 euros/h
ACTIVIDADES CUADRIMESTRAIS	
Obradoiro de informática para a terceira idade	1 euro/h
Obradoiro de cociña	45,00 euros
Obradoiro de fotografía dixital	45,00 euros
ACTIVIDADES BIMENSUAIS	
Curso de coidador de persoas dependentes	0,00 euros
ACTIVIDADES MENSUAIS	
Lecer estival para nenos con necesidades educativas especiais	0,00 euros
OUTRAS ACTIVIDADES	
Actividades anuais (3 horas semanais)	75,00 euros
Actividades anuais (2 horas semanais)	60,00 euros
Actividades anuais (1,5 horas semanais)	52,50 euros
Actividades anuais (1 hora semanal)	45,00 euros
Actividades cuatrimestrais (3 horas semanais)	52,50 euros
Actividades cuatrimestrais (2 horas semanais)	45,00 euros

Actividades cuatrimestrais (1,5 horas semanais)	37,50 euros
Actividades cuatrimestrais (1 hora semanal)	30,00 euros

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

4º Proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual

O Sr. alcalde informa que se retira este asunto da orde do día do Pleno, co fin de ofrecer unha máis ampla explicación sobre o punto.

5º Actualización e modificación do cronograma de actuacións do Proxecto Arume e cambio de emprazamento da actuación denominada “Equipamentos sociais: Casa da Cultura”

Vista a proposta conxunta da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medioambiente, e do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos de data 18 de xullo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 19 de xullo de 2011.

O Sr. alcalde manifesta que hoxe se trae ao Pleno, en primeiro lugar, a ampliación do prazo para executar as obras do Proxecto Arume e, en segundo lugar, o traslado dunha actuación. Explica que o día 13 de xuño, cando chegou á Alcaldía, atopouse cun informe sobre o tema da Casa da Cultura no que se recollía que o edificio proxectado non collía na parcela para a cal estaba deseñado, é dicir, invadía terreos alleos. Ademais, segundo o informe dos técnicos, tampouco daba tempo para executar a obra nos 33 meses que estaba proxectada, dado que habería que facer un novo proxecto, aprobalo, sacalo a exposición pública, facer a obra, pagala e presentar todo ao Ministerio para o cobro da subvención.

Para non perder eses fondos, reuníronse os técnicos, a Alcaldía municipal e o equipo de goberno, e pensaron que era unha mágoa perder eses fondos cando había edificios en Cambre que podían ser restaurados. Consideraron que o mellor edificio para este fin, antes de que sufra danos irreversibles, era Vila Concepción, que é un edificio singular e que vale a pena arranxar.

Di que o denominaron puntualmente Casa da Cultura, porque non se pode cambiar o nome que figura no expediente do Arume. Comunicaron ao Ministerio o cambio de situación da Casa da Cultura, explicaron cal era a intención do concello, e dende o Ministerio consideraron, con moi bo criterio, que restaurar un edificio antigo, simbólico de Cambre, era moito mellor. Por iso se tomou esta decisión.

Di que hai outra actuación que está fóra de prazo, e da que tamén quere falar, que é a actuación no campo da feira. Tamén foron os técnicos os que informaron que non daba tempo a realizar esta obra no tempo que estaba proxectado, xa que finalizaba o 7 de xullo do ano 2012. Neste caso o que piden é simplemente unha ampliación do prazo de execución ata o 31 de decembro do ano 2012.

Continúa dicindo que eses son os dous temas principais do Proxecto Arume, pero que tampouco quere esquecerse da actuación que se vai facer na rúa Pígara, dentro do proxecto denominado “Humanización do Graxal”, porque tamén sofre algún cambio debido ás propostas veciñais. Os cambios que sofre non son significativos, trátase de acurtar lixeiramente a beirarrúa para non perder prazas de aparcamento, e tamén de deixar sen facer a actuación que se facía na rúa Celso Emilio Ferreiro, que consistía en ampliar aínda máis unha praza que non se utiliza. Ao eliminar esta actuación permanecen as mesmas prazas de aparcamento. E se fan a actuación que estaba prevista na rúa Párroco Manuel Cobas, perderían non só as prazas de aparcamento, senón que tamén se vería limitada a zona de carga e descarga.

Explica que esta foi unha petición que fixeron os veciños desas rúas, por iso é polo que decidiron facer unha pequena modificación do proxecto, que non afectase moito. Cos fondos que se aforran desas intervencións, vanse pavimentar as rúas Travesía da Igrexa e Francisco Rodríguez.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de abstención que xa emitiron nas Comisións Informativas e queren argumentar un pouco este voto.

Di que, en concreto, no tema do cambio do proxecto da Casa Cultura, a eles parécelles perfecto que non se perdan eses cartos en modo de subvención, pero tamén consideran curtas as explicacións que se lles deron. Fálalles documentación en canto ao que é a información sobre o proxecto técnico, se eses temas son salvables en canto á resolución do propio proxecto que hai.

Tamén cren que economicamente, á parte desa subvención en concreto, houbo outros cartos, outras partidas do concello de anos anteriores dedicadas á Casa da Cultura. Así pois, gustaríalles ter información tanto do proxecto técnico como do tema económico.

Que se restaure Vila Concepción parécelles o máis lóxico, non deixar estragar un patrimonio que é de todos os veciños de Cambre, os únicos atrancos que lle ven ao tema de Vila Concepción é o que se refire á seguridade viaria, para cruzar a N-VI, o tema do

aparcamento que alí é bastante deficitario e, a maiores, o que entenden é que están cambiando un proxecto no centro, no que é a capital do concello, en Cambre, un proxecto de arredor duns 2000 m², por un proxecto bastante menor. Ademais do feito de que Vila Concepción é unha casa catalogada, polo que non se vai poder tocar a estrutura interior, o que provoca que a sala de exposicións e demais vaia estar determinado polo xa existente.

En todo caso, xa dixo que o partido dos socialistas de Cambre vaise abster neste tema, porque entenden que é prioritario que non se perdan eses cartos para os veciños de Cambre, para un patrimonio que é de todos.

No que se refire ao proxecto de “Humanización do Graxal”, é importante que todos os veciños do Temple teñan os mellores servizos posibles. Cuestión moi importante no que é a renovación e humanización desas rúas é que non se perdan prazas de aparcamento, de carga e descarga, por iso é prioritario que se estea pendente por parte dos técnicos de que eses proxectos se leven adiante o mellor posible.

En canto ao campo da feira, ou praza do concello, que é como vén referido neste proxecto, pensan que tamén é unha actuación moi importante para todos os veciños de Cambre, pois xa se levan feitos moitos gastos nesa pavimentación en distintas ocasións. Consideran moi importante que o que se vaia facer sexa algo acorde co contorno e, sobre todo, que antes de acometer calquera obra, se saiba que van facer co tema do aparcadoiro que hai alí, pois é un tema fundamental para os comerciantes, negocios, empresas e veciños de Cambre. Hai que buscar unha solución sobre onde se van meter os coches antes de acometer aí ningunha obra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, xa que non están en disposición de perder unha subvención como a da Casa da Cultura. De todas formas di que a eles non lles quedaron claros, no informe da arquitecta municipal, certos puntos. Dise no informe que para cambiar a Vila Concepción fai falta o informe favorable doutras administracións, que están pendentes do informe sectorial. Como dixo o Sr. alcalde é unha cuestión de tempo, están pedindo que se amplíe o prazo para poder facer este investimento noutro lugar, xa que no centro de Cambre, segundo ese informe, non se pode facer, e no mesmo informe dise que aínda hai temas pendentes que non dependen única e exclusivamente deste concello.

Di que eles van votar a prol porque cren que non se pode perder a subvención, porque entenden que ata agora non teñen unha idea mellor, quizais sexa a menos mala das que ata agora se puxeron sobre a mesa, pero tamén lles van esixir, porque vai ser unha competencia do goberno municipal, que cumpran cos prazos. O mesmo informe que lles pasaron a todos di que aínda faltan informes que non dependen exclusivamente do concello. Eles van esixir esa xestión.

Continúa dicindo que tamén lles van esixir que cumpran co dito polo Sr. alcalde nas Comisións e cre que na Xunta de Voceiros, que ían dar participación á hora de realizar o

proxecto de Vila Concepción ao resto dos grupos políticos. Vanlles esixir que todos os grupos políticos poidan participar no deseño do proxecto.

No anterior goberno falábase de concurso de ideas, e algúns dos grupos hoxe presentes, como EU e UxC, fixeron achegas de ideas para o campo da feira que non se tiveron en conta, absolutamente ningunha. Polo tanto, tamén van esixir a este goberno que, en todos os proxectos que fagan, teñan en conta a opinión non só dos grupos políticos, senón da cidadanía en xeral.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, en primeiro lugar, quere insistir no que xa dixo nalgunha ocasión cando se tratou o tema de aprazar e reorganizar o cronograma do proxecto Arume. Eles cren que este foi un cúmulo de despropósitos que, nalgúns casos, como é o actual, obrígalles a tomar decisións precipitadas, sen poder facer valoración das posibles consecuencias que pode ter.

Aquí xa se dixo que restaurar Vila Concepción non vai depender soamente do Concello de Cambre, vai depender doutras administracións que van marcar un pouco as pautas, como pode ser Fomento, como poder ser Patrimonio, a Xunta de Galicia, que teñen moitísimo que dicir aquí. Antes o Sr. alcalde comentou que non van permitir que se derrube Vila Concepción, está clarísimo que non o poden permitir, porque tampouco outras administracións lle van permitir ao Concello de Cambre que iso pase, xa que é o concello o que ten a obriga de restaurala, por tratarse dun ben de interese cultural, dunha casa protexida.

Di que o seu grupo tamén se vai abster, vai facilitar que non se perda ningunha subvención, porque os tempos non están para tirar nin un só céntimo.

En canto ao campo de feira, o que se vai aprobar aquí é solicitar a prórroga, e o outro día xa quedaron en que a actuación que se faga vai ser consensuada e comentada con todos os grupos. Xa dixo o voceiro de UxC que na pasada legislatura se tiñan presentado suxestións tanto por grupos políticos como por persoas de Cambre a título individual. Cre que foron 17 as propostas presentadas por EU, xa que non se trataba só de restaurar o campo da feira, senón que tamén se trataba do seu contorno. O Sr. alcalde xa falou de que se vai tratar cos grupos este tema, para chegar a acordos e acadar o mellor resultado posible.

Insisten en que non se debe perder ningún diñeiro, e por iso están de acordo co aprazamento.

Tamén quere manifestar que ten unha pequena dúbida respecto dunha das actuacións do Programa Arume. Cre que foi hoxe cando saíu nalgúns medios que a pista de skate se ía facer no contorno do campo dos Once Caballeros, e gustaríalle que lle explicaran ese tema.

En canto a Vila Concepción, ao igual que no tema do campo da feira, o Sr. alcalde xa manifestou a súa vontade de falar cos grupos. Evidentemente o uso que se lle vai dar a ese edificio vai ser limitado porque, como xa se dixo nas Comisións, o acceso é moi malo, o aparcamento practicamente non existe, pero a ver se entre todos son capaces de darlle a mellor utilidade e uso a esa casa.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, concelleira do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol da proposta, xa que valoran moi positivamente que a primeira gran partida de cartos sobre a que ten decisión este Pleno sexa para O Graxal, unha zona completamente olvidada durante moitos anos polo anterior goberno. Entenden que esta opción, xa o dixeron antes outros compañeiros, sen ser a mellor, é a menos mala, e confían plenamente no compromiso adquirido polo Sr. alcalde de que a decisión sobre o uso que se lle vai dar a Vila Concepción se traia ao Pleno e se fale entre todos.

De todos modos, nas Comisións do pasado martes, dende o BNG comentouse a posibilidade da sala de festas do Seixal, e iso suscitou moitas risas na oposición. Quere dicirlles que esa sala de festas pertence a Cambre, é máis, o bar que está ao lado, o Xuntanza, tamén é de Cambre. Unha vez puntualizado isto, queren poñer enriba da mesa a súa disposición para que calquera proxecto que haxa para rehabilitar ou para comprar ese local, para darlle un uso para os veciños de Cambre, o BNG vai apoialo. Saben que é difícil ese proxecto, saben que é caro e moi difícil, pero en caso de que queiran levalo adiante, van contar co apoio do BNG.

En canto ao campo da feira e o arranxo das rúas do Temple, están de acordo. Por todo isto, van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén está de acordo en canto ás obras que se refiren á humanización do Graxal e tamén coa ampliación do prazo de realización das obras no campo da feira, sobre todo para que se poidan consensuar con todos os grupos, pero non está de acordo co cambio de criterio sobre a Casa da Cultura, con que pase para Vila Concepción.

Di que, en primeiro lugar, todos saben que Vila Concepción non vai ser unha Casa da Cultura. Están renunciando a unha Casa da Cultura en Cambre de 2000 m², cando se trata dun concello carente deste tipo de infraestruturas, unha Casa da Cultura de primeira división, coa súa biblioteca, co seu salón de actos, co seu auditorio. É máis, o feito de trasladar a biblioteca de Cambre para alí permitiríalles ampliar o centro de saúde e mellorar as súas instalacións.

Considera que o que van facer é un remendo, porque realmente aínda non saben que é o que se vai facer alí, xa que aínda non existe un proxecto definido do que se vai facer en Vila Concepción. O traslado da Casa da Cultura para O Temple, máis que a un criterio técnico, está atendendo a un criterio político, e a unha falta de vontade do goberno

actual de non querer realizar esta obra porque sempre se opuxo a que se fixera no centro de Cambre.

Por todo o anterior, o seu voto vai ser en contra. Cre que este tipo de infraestruturas debe estar no centro xeograficamente falando do concello. O sitio ideal é o núcleo de Cambre, a capital municipal, por suposto que Vila Concepción hai que restaurala, e hai que conservar os edificios singulares, pero non é o mellor sitio, non ten aparcadoiro e o acceso para peóns é moi perigoso. Dende logo o seu voto vai ser en contra, porque, ademais, vistos os informes, as dúas cousas que se alegan son subsanables, e pensa que son subsanables máis rapidamente no tempo que facer un novo proxecto para Vila Concepción, que supón pedir as autorizacións sectoriais correspondentes ás distintas administracións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, agradece moi sinceramente as intervencións de todos os grupos, e pensa que todos manteñen unha posición moi coherente coas súas ideas.

En canto ás dúbidas que se manifestaron, el cre que os informes técnicos son moi claros, a Casa da Cultura non se pode facer, e non é porque haxa vontade política que a Casa da Cultura non se poida construír tal e como estaba proxectada, non se pode construír por elementos obxectivos, así o plasman os técnicos municipais, e a iso é ao que eles se atinxen.

Unha vez nesa posición, teñen que decidir nun prazo curto que fan con eses fondos para non perdelos. Iso é o que se expuxo tanto na Xunta de Voceiros como nas Comisións Informativas, e pensa que coa exposición que fixeron todas as forzas políticas iso quedou bastante claro.

É certo que, como dixo o partido socialista, esta Casa da Cultura que van facer en Vila Concepción non vai cubrir as necesidades que ten o Concello de Cambre, pero tampouco a Casa da Cultura que estaba prevista no centro de Cambre ía cubrir as necesidades que ten este concello, entre outras cousas o auditorio era de 300 m², moi pequeno para un concello de case 25.000 habitantes.

Di que o goberno municipal non vai renunciar a que Cambre teña unha Casa da Cultura de primeira división, que é a que necesita, esa é a súa intención, xa o foi na oposición e tamén o é no goberno. Cre que teñen que aproveitar que nos próximos anos Cambre, Galicia e parte de España, poderá seguir contando cos fondos da Unión Europea, e aproveitalos, executar en boa medida estes fondos para ter unha boa imaxe de cara ás institucións estatais e europeas, para poder optar a novos fondos, e se os obteñen, cre que entre todos poderán levar a cabo un proxecto de Casa da Cultura, incluso co Plan xeral, que é onde se deberá prever onde se fará exactamente. A súa intención é que este tipo de obras, que van afectar ao futuro de Cambre, sexan tomadas co maior consenso posible.

En canto ao problema do aparcamento pola reforma do campo da feira, é algo que lles preocupa, e que lles preocupa moi seriamente. Ese é un dos motivos polos que solicitaron unha prórroga, para ter máis tempo para buscar unha solución.

Respecto do informe de Patrimonio polo que se preocupaba o voceiro de UxC, evidentemente é algo que tamén a eles lles preocupa, e o motivo de traer este asunto ao primeiro Pleno ordinario da lexislatura é precisamente porque os prazos son moi axustados. Se traen a este Pleno esta reprogramación e sae aprobada, conseguirán que antes do mes de agosto o asunto sexa valorado na Comisión de Patrimonio, para poder ter á volta das vacacións, no mes de setembro, o informe que xa lles trasladaron de forma telefónica que vai ser favorable.

En canto á pista de skate pola que preguntaba o voceiro de EU, efectivamente é un erro de comunicación que cometeu este goberno e que subsanarán. Non houbo ningún cambio no proxecto sobre a localización da pista de skate.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, explica que a pista de skate está proxectada nas inmediacións do campo de fútbol Dani Mallo, por iso o seu grupo sorprendeuse cando viu na prensa que se ía facer nas inmediacións do campo dos Once Caballeros. Tamén espera que para antes de agosto estean os informes, como dixo o voceiro do PP, e que non haxa ningún problema.

Don Felipe Andreu Barallobre aclara que, se non se equivoca, o informe de Patrimonio é para principios de setembro, non finais de agosto.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que EU tampouco vai renunciar a que Cambre teña unha Casa da Cultura como realmente lle corresponde e merece. Eles o outro día amosaron as súas dúbidas sobre chamar Casa da Cultura a Vila Concepción. Entenden que ese nome vaise utilizar para non perder a subvención, pero xa apuntaron o outro día que tamén se podía chamar centro cívico ou centro multiusos de Cambre, para non condicionar que máis adiante se pidan novas subvencións e se poida facer unha Casa da Cultura, porque insiste en que EU non renuncia a que Cambre teña a Casa da Cultura que realmente merece. Nese sentido el cre que habería que pensar noutro nome, a ver se se van atopar con dúas Casas da Cultura en Cambre.

O Sr. alcalde sinala que poderían ter dúas Casas da Cultura en Cambre, que tampouco pasaría nada, unha na zona do Temple e outra en Cambre, ao que non vai renunciar el persoalmente, mentres sexa alcalde, é a ter unha Casa da Cultura en Cambre, pero unha verdadeira Casa da Cultura, porque o que estaba proxectado non era iso. Di que lles vai ler os dous primeiros parágrafos do informe relativo ao proxecto correspondente á obra da Casa da Cultura de Cambre, o inicio da contratación da obra, da dirección e coordinación de seguridade e saúde, e máis do control arqueolóxico necesario:

“De conformidade coa autorización de Patrimonio recepciónada neste concello con data 18 de maio de 2011, está pendente do depósito de aval pola entidade Patrucial”. O Sr.

alcalde explica que ese foi o convenio que se asinou, e que o promotor que quere construír aí aínda a día de hoxe non depositou o aval.

O informe continúa dicindo que: “Por outra banda, recibíuse nesta oficina, con data 7 de xuño de 2011, informe negativo do arquitecto técnico municipal á acta de replanteo, xa que constátase que os traballos realizados e a confección do plano no que se plasmou a parcela cedida, e o solo da Casa da Cultura, invadiron terreo alleo.”

O Sr. alcalde explica que no informe da arquitecta municipal de 9 de xuño de 2011 infórmase que “ao comparar o levantamento topográfico de maio de 2011, co proxecto presentado en novembro de 2010, é imposible que o edificio proxectado, dada a súa posición na parcela, poida construírse dentro da parcela de equipamento, polo que o proxecto deberá de modificarse de novo.

Con base no antedito, pola funcionaria que subscribe propónse que non se realice o pagamento da factura 1202 con rexistro de entrada 8915, presentada polo redactor do proxecto con data 7 de xuño de 2011, e que se lle esixa a modificación pertinente ao interesado.”

Continúa dicindo o Sr. alcalde que o prazo de execución da obra é de 33 meses, polo que para os efectos da subvención do FEDER, e tendo en conta a solicitude de prórroga realizada polo concello, autorizada pola *Dirección General de Cooperación Local do Ministerio de Política Territorial*, esta actuación, segundo o cronograma aprobado, ten fixado como prazo máximo para a súa execución, recoñecemento da débeda, pago material, e xustificación da primeira anualidade con cargo ao Arume, o 7 de xullo do 2012.

Di que isto explica claramente que a Casa da Cultura que estaba proxectada, e que saíu durante 6 meses en 6 Plenos seguidos, dende o principio se sabía que non se podía facer. Quere dicirlle ao Sr. Baamonde que se agora tiveran que redactar un novo proxecto, aprobalo, licitalo e facelo antes do 7 de xullo do 2012, está seguro que non tiñan Casa da Cultura.

El persoalmente, e o grupo de goberno que representa, non renuncia a ter unha Casa da Cultura en Cambre, porque a Cambre faille falta un auditorio, pero non un auditorio de 350 m² onde entran 200 persoas, ten que ter un auditorio en condicións, hai que buscar a parcela onde facer esa Casa da Cultura.

O que non lles parece lóxico é desperdiciar unha subvención, por iso pensaron en trasladar este proxecto a un edificio que de todas maneiras o Concello de Cambre vai ter que rehabilitar, hoxe, mañá ou dentro de 2 anos, porque se esperan 10 anos vai pasar como coas Casas de Bailly, que as deixaron derrubar, a pesar de ser un patrimonio quizais máis antigo que Vila Concepción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, ratifícase na súa primeira intervención, segue dicindo que non houbo vontade política por construír a Casa da Cultura en Cambre. Pregúntalle ao Sr. alcalde se se puxo en contacto coa empresa promotora, co estudo que fixo o proxecto da Casa da Cultura, porque el cre que un proxecto se pode modificar, e que se a planta do semisoto invade uns centímetros debaixo dunha beirarrúa, supón que iso terá solución. El non é arquitecto, pero entende que se pode modificar, e eles están a dicir que hai que facer outro proxecto, licitalo, ..., pero é que tamén hai que facer un proxecto en Vila Concepción, licitalo e facer todo iso, e o prazo, igual que se pediu que se prolongara ata o 31 de decembro do 2012 para facer os traballos en Vila Concepción, tamén se podería ter pedido para a Casa da Cultura de Cambre.

Di que é un tema no que o PP nunca estivo de acordo, en que a capital municipal tivera unha Casa da Cultura, nada máis. O que teñen que dicir é que se trata dun criterio político do equipo de goberno, e non pasa nada, eles son os que están gobernando e son os que fan as propostas, e os demais estarán ou non de acordo. El neste asunto non pode compartir as súas ideas, porque segue apostando por unha Casa da Cultura como estaba proxectada e como estaba deseñada, unha Casa da Cultura para a capital municipal.

O Sr. alcalde responde que el tamén segue apostando polo mesmo.

Sometido este asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, vota en contra o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Cambiar o emprazamento da actuación denominada “Equipamentos sociais: Casa da Cultura”, situándoa no inmovible denominado “Villa Concepción”, na unidade de execución n.º 7, no lugar do Temple, o cal será destinado a este novo uso dotacional.

Segundo: Modificar os cronogramas de actuación das seguintes actuacións, atendendo tanto á complexidade da súa tramitación como á envergadura e transcendencia da execución:

- Rexeneración urbana da Praza do concello: fixar como prazo máximo o 31 de decembro de 2012 para a execución, recoñecemento da obriga e pago material.
- Casa da Cultura: fixar como prazo máximo o 31 de decembro de 2012 para a execución, recoñecemento da obriga e pago material.

Terceiro: Modificar os cronogramas de actuación das seguintes actuacións, co fin de optimizar a conxuntura económica financeira municipal:

- Instalación de enerxías renovables na piscina municipal da Barcala: fixar como prazo máximo o 30 de setembro de 2011, para o recoñecemento da obriga e o pago material.
- Dinamización do lugar de Sobreguexe: fixar como prazo máximo o 31 de agosto de 2011 para o recoñecemento da obriga e o pago material.
- Pista de skate: fixar como prazo máximo o 31 de xaneiro de 2012 para o recoñecemento da obriga e o pago material.
- Plan de Humanización do Graxal: fixar como prazo máximo o 30 de setembro de 2012 para recoñecemento da obriga e pago material.

6º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta de Alcaldía de data 15 de xullo de 2011, respecto do cambio de datas correspondentes á Xunta de Voceiros, Comisións Informativas e Pleno do mes de agosto. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da proposta de Alcaldía presentada.

A) Proposta de Alcaldía respecto da celebración da sesión ordinaria da Xunta de Voceiros, Comisións Informativas e Pleno do mes de agosto

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de xullo de 2011.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Celebrar a sesión ordinaria da Xunta de Voceiros correspondente ao mes de agosto de 2011 o vindeiro día 1 de setembro de 2011 ás 9:00 horas.

Segundo: Celebrar a sesión ordinaria das Comisións Informativas correspondente ao mes de agosto de 2011 o vindeiro día 6 de setembro de 2011 ás 20:00 horas.

Terceiro: Celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente ao mes de agosto de 2011 o vindeiro día 8 de setembro de 2011 ás 20:00 horas.

Neste punto, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, solicita que, tal e como falárono o outro día, se dea lectura hoxe á declaración institucional en apoio a “Molduras del Noroeste, S.L.” que foi aprobada no Pleno do día 12 de xullo de 2011, pero á cal non se lle dera lectura no seu momento.

O Sr. alcalde dá lectura á declaración aprobada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación, que consta do seguinte teor literal:

Declaración institucional en apoio aos traballadores e traballadoras da empresa “Molduras del Noroeste, S.L.”

“Molduras del Noroeste, S.L.” é unha empresa industrial da madeira situada no Concello de Cambre dende o ano 1972, que ven precedida dunha longa historia convertíndose líder no sector en España, sendo a primeira en implantar diferentes sistemas de calidade nos seus produtos. Molduras é un dos exemplos da actividade industrial que existe no noso termo municipal e unha fonte importante de riqueza e emprego para a zona, xerando na actualidade 49 postos de traballo directos e moitos máis indirectos; a maior parte deles ocupados por veciños/as do concello.

A actual política empresarial ten contribuído nos últimos dous anos a unha eliminación importante de postos de traballo, mediante expedientes de regulación de emprego, baixas incentivadas e xubilacións. O pasado 3 de xuño eliminábase a quenda de tarde co correspondente despedimento de 9 traballadores incluído un membro electo do Comité de Empresa.

Esta decisión por parte da dirección, pon en risco a continuidade dunha parte do cadro de persoal na empresa madeireira, ademais das consecuencias negativas para actividade produtiva no noso concello, tendo en conta a preocupante situación de emprego na comarca, e especialmente en Cambre, cuxas cifras se incrementaron nos últimos meses.

A preocupación dos traballadores/as, e, por extensión, das súas familias e da propia sociedade cambresa é grande, xerando pesimismo e incerteza na poboación, ao non existir garantías suficientes sobre o mantemento dos postos de traballo e do seu futuro na empresa.

Diante da situación actual, e a xuízo dos grupos asinantes da presente moción, cómpre que o Concello de Cambre por ser a administración máis próxima á cidadanía amose a súa solidariedade cos traballadores/as, e actúe consecuentemente na procura dunha solución ao problema.

Por todo o exposto os grupos municipais asinantes da presente moción, propoñen ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno municipal mostra a súa preocupación polo futuro do emprego en Cambre, e manifesta o seu apoio e solidariedade aos traballadores/as e Comité de

Empresa de “Molduras del Noroeste”, nas súas lexítimas reivindicacións en defensa dos seus postos de traballo, e na súa loita contra unha realidade cada día máis palpable na sociedade, como é o PARO.

Segundo: Do mesmo xeito que no pleno de xaneiro de 2009, o alcalde, no nome do Pleno Municipal, se dirixa aos máximos responsables da empresa e realice un chamamento ao diálogo entre as partes, co fin de acadar acordos que permitan manter a actividade produtiva deste centro de traballo e o emprego que ocupa.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación do uso do solo onde se localizan as instalacións e a fábrica de “Molduras del Noroeste, S.L.”, a excepción do considerado na actualidade como rústico, respecto do cal a Corporación municipal manifesta a súa firme vontade de levar a cabo os estudos necesarios dentro dos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para que se cualifiquen como solo industrial, co fin de non impedir a posible expansión da fábrica e as súas instalacións, para que non contraveña a legalidade.

Cuarto: Que se abran cauces de negociación co Comité de Empresa, co fin de acadar acordos para a readmisión dos traballadores despedidos.

Quinto: Así mesmo o acordo anterior será trasladado ao Comité de Empresa da fábrica, á propia dirección de “Molduras del Noroeste, S.L.”, e ao Departamento Territorial de Traballo.

O Sr. alcalde manifesta que esta declaración, aprobada por unanimidade, xa foi remitida aos interesados, tal e como se acordou no pasado Pleno.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal popular. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal popular.

B) Moción do grupo municipal popular sobre a redacción dunha auditoría externa polo Consello de Contas

Rexistrada de entrada ao núm. 12319 o día 15 de xullo de 2011. Consta do seguinte teor literal:

“Nas pasadas eleccións locais do 22 de maio os veciños de Cambre elixiron unha nova Corporación municipal da que saíu o goberno que actualmente está constituído. O Partido Popular como forza maioritaria da Corporación e do goberno necesita coñecer de forma detallada cal é a situación actual da nosa administración local para poder desenvolver un plan de traballo de cara á presente lexislatura. Cremos que esta necesidade non só é nosa, senón que podemos facela extensible a todas as forzas políticas representadas neste Pleno e a todos os veciños de Cambre, xa que para desenvolver un bo programa de traballo é fundamental coñecer fielmente a situación actual.

Nas escasas semanas nas que o Partido Popular leva no goberno de Cambre atopámonos cun déficit do ano 2010 que supera amplamente os 600.000 € que condicionará a redacción dos próximos orzamentos municipais para o ano 2012, con servizos e subministracións que nunca teñen sido contratados ou que levan anos en precario e cun réxime de subvencións e convenios subscritos con distintas entidades que sistematicamente atoparon os reparos da Intervención municipal. De toda esta situación despréndense todos estes citados reparos que os nosos servizos de Intervención achegan á Conta Xeral do concello ano tras ano. É a nosa obriga tomar as decisións necesarias para evitar que sigan existindo estes reparos.

O Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas teñen encomendada legalmente a función de auditoría externa dos entes públicos. Non obstante, o gran número de entidades obxecto desa función de auditoría, obriga a ambos entes fiscalizadores a seleccionar nos seus Plans anuais de traballo aqueles concellos que serán sometidos a auditoría de regularidade. Nos últimos 4 anos Cambre rendeu a súa Conta Xeral fóra de prazo, polo que para os efectos do Consello de Contas a Conta Xeral do Concello de Cambre dos últimos anos ten a consideración de “non rendida”. Isto, unido a que o noso concello leva moitos anos sen ser sometido a unha auditoría de regularidade polo Consello de Contas, xa é motivo suficiente para que non inclúan como un dos entes a auditar no ano 2012.

Toda vez que existe unha necesidade de que o noso concello sexa auditado de forma externa por quen ten a capacidade legal de facelo e que o Consello de Contas ten as suficientes razóns para incluírnos dentro do seu Plan de traballo, é por este motivo que presentamos a este Pleno para a súa aprobación, se procede, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: O Pleno da Corporación solicita ao Consello de Contas que inclúa ao Concello de Cambre entre os entes locais sometidos a Auditoría de regularidade no seu Plan anual de traballo para o ano 2012.

Segundo: Dar conta deste acordo ao Consello de Contas de Galicia.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, o sometemento das contas dun concello ao Consello

de Contas non é algo opinable, senón que é algo legalmente obrigatorio e, polo tanto, niso están totalmente de acordo, porque non pode ser doutra forma, é a súa obrigación.

Polo demais, dende o grupo socialista queren facer algúns reparos á moción e manifestar algunha dúbida que lles suscita, primeiro porque lles parece inútil para a finalidade que, en principio, xustifica a moción segundo o grupo popular. Efectivamente o Consello de Contas realiza cada ano un plan, no plan distingue entre os concellos que renden habitualmente as contas e os que non as renden, os que non as renden sométense a unha auditoría de regularidade. Agora ben, como son tantos os concellos en Galicia que están sometidos a esta auditoría de regularidade, porque son moitos os que non renden as contas, deberían saber que o Consello de Contas fixa unha serie de criterios obxectivos con base nos cales dá unha puntuación a cada concello e, en función desa puntuación, fixa o nivel de risco dos concellos, e elixe aqueles concellos que teñen maior nivel de risco.

Iso, unido ao feito de que o Consello de Contas é un órgano independente, que depende do Parlamento de Galicia, e que todo procedemento de fiscalización do Consello de Contas xurde de oficio ou a iniciativa do Parlamento Galego, supón que o feito de que eles soliciten dende o concello que lles sometan a unha auditoría de regularidade non vai ter ningún efecto.

En segundo lugar, tamén manifestan algún tipo de dúbidas en relación coa oportunidade en canto ao *tempus*, por unha sinxela razón, non sabe se antes das eleccións se someteu a aprobación do Pleno a Conta Xeral do concello, pero segundo establece a lei, a Conta do exercicio 2010 terían que aprobala antes do 1 de outubro do 2011. Se o Pleno non se pronunciou aínda sobre as contas do concello, están intentando aprobar que se vaia a someter a auditoría unha Conta sobre a que aínda non se pronunciaron e que aínda non aprobaron, sometela ao Consello de Contas.

Por último, tamén lles parece discutible en canto ao contido, por unha sinxela razón, se aínda non se aprobaron as contas dende o Pleno, o parágrafo segundo da exposición parécelles moi discutible. Nel falan dun déficit do ano 2010, que supón que se refire aos orzamentos do ano 2010, Conta Xeral que aínda non aprobaron e, polo tanto, descoñecen o resto dos grupos se realmente existe ese déficit, xa que a esta moción non se achega ningún informe da Intervención municipal.

Tamén, cando se refiren á obriga que ten o Pleno de evitar que se formulen novos reparos á xestión do orzamento, dilles que iso está nas súas mans, a partir deste momento é o equipo de goberno o que ten a capacidade de evitar que dende Intervención fagan ningún tipo de reparo.

En resumo, teñen dúbidas en canto á finalidade, parécelles que non a cumpre, non van conseguir que sometan a Cambre a unha auditoría de regularidade. É inoportuna en canto ao tempo, xa que non se lles permitiu aos grupos desta cámara coñecer as contas e, sobre todo, moi discutible en canto ao contido.

Parécelles que dentro da moción seguramente existe outro tipo de razóns, pode ser que un pouco seguindo a actitude que ten o Partido Popular que se puxo en marcha por parte da Sra. Dolores de Cospedal en canto tomou posesión, e que consiste en poñer en dúbida a existencia de buratos orzamentarios en todo tipo de institucións, en todos os puntos de España. Di que iso lle parece que non ten en conta á institución de Cambre, e non lle parece que sexa bo que o Concello de Cambre volva estar nos medios de comunicación en relación coa existencia dun burato sobre o cal, insiste, aínda non lles presentaron informe. Non dúbida de que sexa verdade, pero eles teñen que votar esta moción neste momento, por iso lles dixo que era inoportuna en canto ao tempo, porque non tiveron a oportunidade de aprobar a Conta Xeral, e non lles presentaron un informe xunto coa moción.

Parécelles que ese parágrafo manifesta unha falta de responsabilidade dende o punto de vista da institución, eles agora son goberno e deberían de poñerse o traxe do goberno, e non facer este tipo de afirmacións sen achegar un informe de Intervención.

Por todo o anterior, e como dixo ao principio, non teñen ningún reparo en que o Consello de Contas someta a Cambre a unha auditoría, se á hora de facer o seu plan de traballo, considera oportuno incluír a Cambre dentro desas auditorías de regularidade.

Conclúe dicindo que estarían dispostos a aceptar esta moción, aínda que cren que non ten utilidade, se o equipo de goberno está de acordo en retirar o segundo parágrafo. En caso de non ser así o seu voto será a abstención.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que sen ningún problema, que a eles o que lles preocupa non é a exposición de motivos, o que lles importa é o acordo, polo menos solicitar ao Consello de Contas que Cambre sexa sometido a unha auditoría de regularidade. Se ese é o único inconveniente que ten o partido socialista, non teñen ningún problema en eliminar ese parágrafo.

El o que lles quería dicir é que si que recibiron un informe, de feito esta semana, ou a semana pasada, dentro das resolucións do mes de xullo, recibiron a resolución na que se aproba a liquidación do orzamento e na que aparece o déficit do ano 2010. Trátase da liquidación do orzamento, que non é a Conta Xeral, pero que é un paso previo.

Dona Margarita Iglesias Pais contesta que iso non é a Conta, non é o que van someter á inspección do Consello de Contas, é un informe previo que vai poñer en marcha o procedemento de aprobación da Conta Xeral, pero non é a Conta.

Concedida a palabra a don Óscar García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, aínda tendo en conta, como xa dixeron varias veces, que teñen plena confianza no desenvolvemento do traballo dos funcionarios e funcionarias de Cambre, pero tamén é certo, como dixo a compañeira do partido socialista, que durante moito tempo púxose en dúbida o traballo dos ditos funcionarios.

Cre que incluso vai ser bo para eles, xa que vai demostrar que se está facendo un bo traballo.

Por outro lado, a moción di textualmente: “...con servizos e subministracións que nunca teñen sido contratados ou que levan anos en precario e cun réxime de subvencións e convenios subscritos con distintas entidades que sistematicamente atoparon os reparos da Intervención municipal.”. Di que iso é única e exclusivamente competencia do goberno municipal, para que non volva ocorrer. Non é algo que se poida achegar á moción como deixando no aire que é un tema competencia dos funcionarios, o que quere dicir con isto é que está na man do equipo de goberno, que son os que están gobernando, que iso non volva ocorrer.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, manifesta que lle gustaría aclarar que, por suposto, se existe esta situación, ten unha responsabilidade exclusivamente política. Nin o PP, nin o goberno, pon de ningunha maneira en dúbida o traballo dos profesionais, de feito cren que o traballo dos profesionais desta casa está recollido na moción. O traballo que fan é o que fan, e grazas a ese traballo eles coñecen a situación. Reitera que é unha responsabilidade exclusivamente política, e se non volven a existir reparos de Intervención non vai ser un mérito deste goberno, senón que será unha obrigaón deste goberno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que esta moción difiere bastante da anterior moción que presentou o PP ante o Pleno na pasada lexislatura. Antes se trataba de facer unha auditoría externa no amplo sentido da palabra, aínda que algúns xa dixeron que tiña que ser o Consello de Contas o que auditara ao Concello de Cambre.

Di que non vai ser o grupo de EU o que se opoña a solicitar esa auditoría, incluso entenden os temores e inexperiencia, ao mellor, do novo goberno, pero o que si convén ter en conta é que ninguén mellor que a interventora municipal pode explicar a este goberno como está a realidade económica do Concello de Cambre. En todo caso, xa dixo que eles non se van opoñer a que se solicite esa auditoría e van votar a prol, a pesar de que non están totalmente de acordo coa exposición de motivos que fai o PP, postura xa manifestada tamén anteriormente por outros compañeiros.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable. Non pode estar de acordo, como dixeron outros compañeiros, coa exposición de motivos, el ten plena confianza e así o dixo sempre, e o di agora, tanto na interventora municipal como nos demais funcionarios do servizo de Intervención deste concello. Cre que a Conta Xeral está ben clara, e os informes de reparo de Intervención están tamén todos eles moi claros.

Tamén quere dicir que cando se daba conta ao Pleno da Conta Xeral era precisamente o PP o que votaba en contra, el sempre votou a prol, co fin de que o documento puidese ser elevado ao Consello de Contas para que puidese ser auditado. Se non se aprobaba no Pleno, non se podía remitir.

Conclúe dicindo que pola súa parte sempre estivo a prol de que fora auditada.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, reconece ao voceiro de EU que a súa proposta cambiou, é evidente que si, eles levan solicitando unha auditoría moito tempo, e cre que é unha posición coherente por parte do PP propoñer no primeiro Pleno ordinario que se someta ao Concello de Cambre a unha auditoría, porque así o levan reclamando dende o ano 2008. Efectivamente a situación do 2008 non é a mesma que agora, sobre todo economicamente. O Concello de Cambre agora mesmo non pode afrontar o custo dunha auditoría externa, e de aí o seu cambio. En todo caso, saben e coñecen a posición do resto de forzas, e foi en aras de acadar ese consenso, que cre que necesita esta moción, polo que propuxeron que sexa o Consello de Contas quen audite a Cambre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, manifesta que se lle olvidou dicir ao comezo da exposición que UxC vai votar sempre favorablemente a declaración de urxencia das mocións. Traia quen as traia, eles van votar sempre a declaración de urxencia, para que se lea e logo se vote.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais pregunta, para os efectos de poder posicionarse nesta moción, se o PP está disposto a retirar o segundo parágrafo da exposición de motivos.

O voceiro do PP contesta que si.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, manifesta que se lle olvidou dicir antes que o outro día, na Xunta de Voceiros, xa se lles informou que se ía presentar esta moción, incluso se informou que lles ían facilitar unha copia antes, por se querían adherirse. Quere sinalarlle ao equipo de goberno que ao final iso non se fixo.

Conclúe dicindo que agora depende do goberno municipal que o próximo informe da Conta Xeral non teña reparos.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que o próximo é o do ano 2010, cando este goberno non estaba constituído.

Don José Antonio Baamonde López di que, entón, o seguinte.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción que se transcribe literalmente a continuación:

“Nas pasadas eleccións locais do 22 de maio os veciños de Cambre elixiron unha nova Corporación municipal da que saíu o goberno que actualmente está constituído. O Partido Popular como forza maioritaria da Corporación e do goberno necesita coñecer de forma detallada cal é a situación actual da nosa administración local para poder desenvolver un plan de traballo de cara á presente lexislatura. Cremos que esta necesidade non só é nosa, senón que podemos facela extensible a todas as forzas políticas representadas neste Pleno e a todos os veciños de Cambre, xa que para desenvolver un bo programa de traballo é fundamental coñecer fielmente a situación actual.

O Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas teñen encomendada legalmente a función de auditoría externa dos entes públicos. Non obstante, o gran número de entidades obxecto desa función de auditoría, obriga a ambos entes fiscalizadores a seleccionar nos seus Plans anuais de traballo aqueles concellos que serán sometidos a auditoría de regularidade. Nos últimos 4 anos Cambre rendeu a súa Conta Xeral fóra de prazo, polo que para os efectos do Consello de Contas a Conta Xeral do Concello de Cambre dos últimos anos ten a consideración de “non rendida”. Isto, unido a que o noso concello leva moitos anos sen ser sometido a unha auditoría de regularidade polo Consello de Contas, xa é motivo suficiente para que non inclúan como un dos entes a auditar no ano 2012.

Toda vez que existe unha necesidade de que o noso concello sexa auditado de forma externa por quen ten a capacidade legal de facelo e que o Consello de Contas ten as suficientes razóns para incluírnos dentro do seu Plan de traballo, é por este motivo que presentamos a este Pleno para a súa aprobación, se procede, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: O Pleno da Corporación solicita ao Consello de Contas que inclúa ao Concello de Cambre entre os entes locais sometidos a Auditoría de regularidade no seu Plan anual de traballo para o ano 2012.

Segundo: Dar conta deste acordo ao Consello de Contas de Galicia.”

Antes de pasar a tratar a seguinte moción, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o Regulamento orgánico municipal establece unhas pautas e prazos para presentar as iniciativas para Comisións Informativas e Plenos. Dende logo el non quere que se poña ningún impedimento a que a moción do PSdeG-PSOE, así como os rogos e preguntas que presentaron, sexan tratados nesta sesión, pero tendo en conta que o grupo de EU presentou en tempo e forma a súa moción, rogos e preguntas, solicita ao Sr. alcalde que sexa o seu grupo o primeiro en darlles lectura.

O Sr. alcalde reconece que o grupo PSdeG-PSOE presentou fóra de prazo a moción, e ante a pregunta do voceiro do grupo socialista sobre esta cuestión, a secretaria da Corporación explica que a moción tivo entrada o luns día 18, e que cando o ROM fala dunha antelación de 3 días hábiles, está facendo referencia a 3 días completos entre a presentación e a celebración da sesión, é dicir, que non se contaría nin o día de presentación nin o de celebración.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que ese é o criterio que se mantén neste concello dende hai anos, ao que todos estaban amoldados, e tamén a interpretación da persoa a quen lle corresponde o asesoramento legal da Corporación. En todo caso, non vai ser un problema porque, nesta ocasión, o Sr. alcalde ten a intención de permitir que se traten os asuntos.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que non hai ningún problema, el non o entende así, pero se esa é a interpretación que se dá, así se fará. Pide desculpas aos compañeiros concelleiros pola tardanza.

O Sr. alcalde manifesta que, neste caso, el non se vai opoñer a que se lea a moción, aínda que roga que a partir de agora se presenten no prazo indicado anteriormente. Engade que o que si vai facer é recoller a queixa de EU que presentou a moción en prazo, e se o partido socialista non ten inconveniente, tratarán en primeiro lugar a moción de EU.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro do Partido Galeguista Demócrata e integrante do GM, explica que, como xa manifestou na anterior lexislatura, cando os grupos políticos presenten as mocións en tempo e forma, el entende que non sería necesario votar a urxencia e, polo tanto, vaise abster, non así cando se presente fóra de prazo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que como se trata do primeiro Pleno ordinario, a el gustaría lle que temas como é a votación da urxencia, queden claros. Di que el entendeu, polo informe que no seu día fixo a secretaria da Corporación, que é preceptivo votar a urxencia de todas as mocións. Tamén lle lembra ao Sr. Marante que, aínda que tiña por costume absterse de votar a urxencia, nalgún caso votou a prol.

O Sr. Marante contesta que cando se presentaron fóra de prazo.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que dado que se trata dunha cuestión de organización, poderían tratar o tema na Xunta de Voceiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o seu grupo ten por costume presentar as mocións en tempo e forma, e están de acordo co informe da secretaria sobre a necesidade de votar a súa urxencia, ademais é unha cousa que non ocorre só en Cambre, tamén ocorre na inmensa maioría dos concellos de España, porque así está establecido.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que un dos temas que se teñen que tratar é a modificación do Regulamento orgánico municipal e son cousas que se poden falar.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que a secretaria o que dixo é que é preceptivo votar a urxencia das mocións, e nas votacións pódese votar a prol, en contra ou absterse. El o que está dicindo é que se vai abster. El si vota, o único que dixo é que se abstén.

O Sr. alcalde conclúe que na Xunta de Voceiros poden aclarar todos estes temas, e a continuación concédelle a palabra ao grupo de EU para que dea lectura á moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de EU relativa á eliminación de trabas burocráticas para a concesión de licenzas de actividade

Rexistrada de entrada ao núm. 12338 o día 15 de xullo de 2011, xunto cos rogos e preguntas para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A actividade comercial nun concello é fundamental e importantísima para o seu desenvolvemento social e económico. Cambre experimenta unha taxa de paro que se conforma con 1.925 persoas sen emprego, segundo datos do pasado mes de xuño. Coa crise internacional como fondo, estamos asistindo a diario a unha continuada sucesión de expedientes de regulación de emprego coa conseguinte perda de postos de traballo.

Para Esquerda Unida é indispensable corrixir esta situación facilitando na medida do posible a instalación de industrias e servizos xeradores de emprego estable.

Ante esta realidade, os concellos non podemos permanecer impasibles, son moitos os postos de traballo que se destrúen e debemos multiplicar os esforzos para soste o tecido industrial da nosa comarca, e en especial no Concello de Cambre.

Pero ademais de ser capaces de optimizar os recursos económicos que se están poñendo a disposición dos concellos, Cambre dentro das súas posibilidades e competencias, ten que arbitrar medidas que contribúan a amortecer os efectos perversos da crise existente.

A administración local ten que poñer os medios para que os veciños/as que tramiten

unha licenza de apertura neste municipio, non teñan que esperar longos períodos de tempo, creando graves problemas e perdas económicas a todos aqueles que queren poñer unha actividade comercial, tamén o atraso prexudica a creación de postos de traballo.

Todos coñecemos algunha empresa que está funcionando e aberta ao público sen a correspondente licenza de actividade. Esta situación indesexable e nunca querida, coloca ao pequeno e mediano empresario nun limbo de inseguridade e responsabilidade inasumible en moitos casos.

Uns, ao non poder afrontar doutro xeito os investimentos realizados, optan pola apertura aínda sen licenza. Outros, ante o temor de ser expedientados e multados ou calquera outra consecuencia negativa, prefiren esperar á concesión da licenza. En calquera caso, non é de recibo que, na actual conxuntura, cando se fai tan necesaria a creación de emprego, a concesión de licenzas de actividade por parte do concello atrasase no tempo, sen causa xustificada.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Levar a cabo a adopción das medidas necesarias que posibiliten acelerar os trámites de apertura ou instalación de empresas, locais, etc., para a concesión de licenzas de actividade, marcándose incluso uns límites temporais para as autorizacións, terminando así coa inseguridade xurídica e a inquedanza que xera tanto atraso.

Segundo: Habilitar ou contratar un técnico que informe e axilice os expedientes das licenzas, evitando os atrasos na súa concesión por falta de persoal.

Terceiro: Que o concello poña a disposición dos usuarios na páxina web municipal, para que poidan comprobar o estado de tramitación do seu expediente en cada caso, poñendo na páxina formularios completos sobre os requisitos para poder poñer unha actividade económica en funcionamento xa sexa inocua ou clasificada, facilitando aos usuarios o ter que estar achegando documentos cando se poden presentar todos dunha vez.”

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que no escaso mes que levan traballando, pode asegurar que dende a primeira semana, dende a área de Urbanismo, intentaron que eses atrasos se axilicen na medida do posible.

Informa que se está traballando para a creación dunha ordenanza que facilite o outorgamento dunhas licenzas máis directas, tanto para o tema de actividades como para as obras menores.

Por outro lado, en relación coa posibilidade de contratar a un técnico, solicitouse á interventora municipal que mire a viabilidade de poder contratar a un novo técnico por acumulación de tarefas.

Con respecto á tramitación na páxina web, cre lembrar que xa se constatou noutro Pleno que é a súa intención, e están traballando para que iso se poña en marcha. Levaralles un pouco máis, pero están niso.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, amosa o seu apoio á moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que cre que case todos os grupos políticos levaban nos seus programas electorais o tema de axilizar estes trámites, polo que tamén eles van apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta o apoio do seu grupo á moción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, agradece a todos os grupos o seu apoio a unha moción que consideran é moi interesante para o desenvolvemento económico e do emprego en Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, en primeiro lugar pide desculpas por se consideran, que parece ser que foi así, que esta moción foi presentada fóra de prazo. Di que pola súa parte non volverá a repetirse.

A continuación explica que a razón de presentar esta moción é, sobre todo, os efectos que eles entenden negativos, que pode producir sobre as economías domésticas e empresariais no Concello de Cambre unha disposición legal que foi aprobada no Parlamento de Galicia exclusivamente cos votos do PP e co voto en contra do resto de forzas presentes no Parlamento, así como tamén por institucións moi importantes no municipalismo galego como é a FEGAMP.

D) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar a derogación da Lei de augas de Galicia

Rexistrada de entrada ao núm. 12356 o día 18 de xullo de 2011, dáse lectura á moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster neste tema, xa que cren que hai temas bastantes importantes que resolver no Concello de Cambre como para meterse nos temas que se deberían discutir no Parlamento de Galicia, polo tanto, non teñen nada que dicir sobre o tema.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que hai cousas que discutir no Parlamento de Galicia e que igual aos veciños de Cambre tamén lles afecta, como é este caso, e non só aos veciños de Cambre senón a todos.

Di que unha das xustificacións para establecer este canón da auga é manter a calidade da auga. Dentro de pouco tamén lles van intentar cobrar por bañarse na praia, para manter a calidade da auga do mar, e se seguen así acabarán por cobrar por respirar, porque tamén hai que manter a calidade do aire.

Conclúe dicindo que el cre que este é un tema o bastante importante como para aprobar a moción, dende logo teñen o apoio de UxC.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, felicita ao grupo municipal socialista por presentar esta moción que o seu grupo comparte e apoia en todo o seu contido.

Di que, en todo caso, eles van votar a prol da moción, pero que lles gustaría que no punto terceiro dos acordos, onde se fala de dar traslado da moción, tamén se incluíse ao Consorcio As Mariñas, por ser un ente que agrupa a todos os concellos da área metropolitana, para que así poidan tomar as medidas que consideren necesarias en contra desta lei. Consideran que esta é unha moción que é de xustiza.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol. Agradecen ao PSdeG-PSOE que trouxera esta iniciativa e lembran que o BNG na cámara galega tivo unha actuación moi belixerante contra a aprobación desta lei.

Tamén quere engadir, para achegar máis argumentos á incongruencia desta lei, que

realmente só se trata dunha lei recadatoria. O BNG pensa que as leis se crean cando realmente hai un problema, e se un problema non teñen en Galicia, que teñen mil, pero un que non teñen, é o da auga, é dicir, esta lei o único que quere é recadar.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que lamenta as palabras do voceiro do PP cando dixo que estas cousas hai que tratalas no Parlamento de Galicia. Di que está demostrando pouco interese ou que quere moi pouco aos veciños de Cambre, porque é verdade que haberá que debater no Parlamento de Galicia ou no Congreso de los Diputados, pero cando unha cousa afecta aos veciños deste concello, el cre que tamén é importante tralo aquí, e é importante aprobar esta moción para apoiar a todos os cidadáns, el dende logo vai facelo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o seu acordo coa petición do voceiro de EU de incorporar no punto terceiro que se dea traslado da moción ao Consorcio As Mariñas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción que se transcribe literalmente a continuación:

“A Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, foi publicada no DOG do 18 de novembro de 2010, estando vixente dende o día 18 de decembro do mesmo ano.

Esta lei foi proposta polo goberno Feijoo e aprobada polo Parlamento de Galicia cos votos unicamente do Partido Popular e sen recollerse ningunha das propostas realizadas polos concellos integrados na Federación Galega de Municipios e Provincias.

Esta lei afecta a todos os consumidores de auga, tanto particulares como empresariais, que reciban a subministración por redes municipais, traídas veciñais ou, incluso, por pozos particulares artesáns ou de barrena.

Nesta lei créase un imposto, baixo a denominación de canon da auga, que substitúe ao canon de saneamento, e que se recadará por todos os concellos coa obriga de ingresar o recadado nas arcas da Xunta de Galicia.

Este novo imposto incrementa significativamente o custo da auga ás familias e empresas.

Como exemplo baste dicir que se unha familia de tres membros, con subministración de traída e un consumo trimestral de 39 metros cúbicos, vén aboando na actualidade polo concepto de canon de saneamento 8,15 € pasará a ter que pagar, polo mesmo volume de

auga consumida, en concepto de canon da auga, 25,65 € Isto é, un 315 % máis.

En canto aos propietarios de pozos, que ata agora non pagaban cantidade ningunha, co novo canon pasarán a pagar a teor do volume de auga realmente consumida ou a que a Xunta estime que podería ter consumido. Para controlar a auga consumida os titulares dos pozos terán que instalar, á súa costa, contadores homologados.

O novo canon da auga foi imposto pola Xunta de Galicia en contra da vontade dos concellos galegos, representados pola Federación Galega de Municipios e Provincias, así como contra a opinión da Confederación de Empresarios de Galicia e o mesmo Consello Económico e Social (en adiante CES) de Galicia, o cal, nun ditame sobre a citada norma manifestaba as súas dúbidas de que convira aplicar o citado imposto ao consumo de auga no contexto económico actual. Decía o CES: “É necesaria unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, as familias e as empresas na conxuntura actual de crise económica”.

Detrás deste novo imposto do goberno Feijoo só se esconde un afán recadatorio, sen destino claro, pois se ben o conselleiro de Medio Ambiente, D. Agustín Hernández, manifestou que a recadación deste novo gravame “investirase na súa totalidade no cumprimento da planificación hidráulica galega”, a criterio do Consello Económico e Social: “da redacción actual da Lei de augas de Galicia non se asegura este extremo”.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de ACORDOS:

Primeiro: Manifestar o rexeitamento do Pleno municipal á Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, polos prexuízos económicos que xera aos veciños e familias do noso concello a figura impositiva do canon da auga.

Segundo: Dirixirse ao presidente da Xunta de Galicia, dándolle traslado do acordo acadado, co fin de que inste, diante do Parlamento autonómico, a derogación da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, presentes no Parlamento de Galicia, así como ao Consorcio As Mariñas, co fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste tema polo Pleno do Concello de Cambre.”

7º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes en funcións núm. 979, de data 10 de xuño de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobá-lar a liquidación de gastos e ingresos do orzamento do Concello de ~~2003-2009~~105, que ~~de seguido se sinala~~apresenta o seguinte resume:

Resumo da liquidación do orzamento:

<u>Orzamento de gastos</u>	<u>Euros</u>
<u>Créditos iniciais</u>	<u>17.037.632,2816.187.770,06</u>
<u>Modificacións</u>	<u>9.143.044,2711.936.137,37</u>
<u>Créditos definitivos</u>	<u>26.180.676,5528.123.907,43</u>
<u>Gastos comprometidos</u>	<u>20.230.017,7421.824.309,91</u>
<u>Obrigas recoñecidas netas</u>	<u>18.978.647,8120.687.653,36</u>
<u>Pagos</u>	<u>16.105.271,8218.027.376,63</u>
<u>Obrigas pendentes de pago a 31/12</u>	<u>2.873.375,992.660.276,73</u>
<u>Remanentes de crédito</u>	<u>7.202.028,747.436.254,07</u>

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.187.770,06
Modificacións	11.936.137,37
Previsións definitivas	28.123.907,43
Dereitos recoñecidos	19.458.492,86
Dereitos anulados	58.013,24
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	19.400.479,62
Recadación neta	16.437.230,50
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	2.963.249,12
Exceso de previsión	8.723.427,81

<u>Orzamento de gastos</u>	<u>Euros</u>
<u>Créditos iniciais</u>	<u>13.140.650,18</u>
<u>Modificacións</u>	<u>2.081.337,86</u>
<u>Créditos definitivos</u>	<u>15.221.988,04</u>

Obrigas recoñecidas	11.837.625,89
Pagamentos ordenados	10.137.320,34
Pagamentos realizados	10.128.709,12

Outros datos resumo:

- ~~debe~~dores pendentes de cobro a 31/12, ~~2.227.579,97~~ 3.190.196,23 1.990.222,85 euros.
- ~~acreedores~~ acreedores pendentes de pagamento a 31/12, ~~1.873.139,54~~ 1.40.652,45 253.139,27 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, ~~158.544,03~~ 841.707,20 601.158,43 euros.
- ~~remanente de crédito~~, ~~3.384.362,15~~ euros.
- remanente de tesourería total, ~~2.538.701,34~~ 524.448,72 1.527.945 657,60 24 euros.
- ~~exceso de financiamento afectado~~ ~~remanente de tesourería para gastos con financiación afectada~~, ~~1.392~~ 083.826 785,203 1.224 313 55.147,05 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, ~~1.085.628,79~~ 627.305,38 303.343,69 euros.
- ~~capacidade~~ necesidade de financiamento, ~~686.978,05~~ 890.231,40 1.299.585,20 euros.
- ~~porcentaxe~~ necesidade de financiamento dos ingresos non financeiros, ~~4,64~~ 3,88 por cento.
- aforro neto, - ~~547.593,34~~ 659.334,37 euros.

Segundo: Dar conta da liquidación do orzamento de 2010 ao Pleno na Comunica-la resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar, e da necesidade de adoptar algunhas das medidas recollidas no artigo 193 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para o caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo.-

Terceiro: Remitir copia da liquidación á Consellería de Xustiza e Interior e á Delegación de Economía e Facenda, se ben esta última substitúese pola rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, do Ministerio de Economía e Facenda.”

8º Rogos e preguntas

Seguindo o criterio acordado no punto das mocións, e tendo en conta a data de rexistro de entrada dos rogos e preguntas presentados, trátanse en primeiro lugar os rogos presentados por EU.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12338 o día 16 de xullo de 2001, xunto coa moción e as preguntas presentadas para este Pleno.

1º Mediante Resolución da Alcaldía de 23 de marzo do presente ano, concedeuse licenza para a instalación dunha estación de servizo no lugar de Amil (estrada do Temple a Cambre P.K.- 2.600). A noticia está producindo unha profunda preocupación entre os veciños/as, especialmente entre os que viven nas cercanías onde se pretende a instalación, tendo en conta que as súas propiedades quedarían sometidas a desvalorización e os riscos e molestias que se derivan da industria en cuestión, que influiría dun xeito importante na calidade de vida da poboación.

Pregamos nos informen da actual situación do expediente e das medidas que se teñen tomado ou pretenden tomar respecto do problema.

O Sr. alcalde contesta que todos os grupos teñen coñecemento da actual situación do expediente, xa que a Resolución da Alcaldía do día 23 de marzo de 2011 enviouse a todos os grupos, porque así está establecido.

Explica que o que a Resolución di exactamente é que o goberno anterior decidiu dar autorización, ou sexa, a licenza para montar a gasoleira. O expediente, polo tanto, está concluído.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, sinala que se trata dunha resolución da anterior Corporación, do mes de marzo, agora están no mes de xullo e por iso pensa que podería haber algún tipo de novidade, sobre todo tendo en conta que houbo un cambio de goberno, por iso preguntan en que situación está o expediente.

O Sr. alcalde contesta que non houbo ningunha novidade ao respecto, o único que pode dicirlle é que ten citada á empresa que vai construír a gasoleira, aos donos da gasoleira, e despois citará aos veciños, para falar con todos e ver se se poñen de acordo. Pero o que está claro é que xa existe unha Resolución da Alcaldía, cun expediente que vén do ano cre que 1997, e onde figuran todos informes técnicos necesarios.

Só lle pode confirmar que o día 23 de marzo de 2011 asinouse a licenza, é o único que lle pode dicir neste momento, máis novidades de momento non hai, cando as haxa, comunicarállelo aos grupos políticos.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a resposta, pero sinala que dende o ano 1997 ata o 2011 as circunstancias de Cambre cambiaron bastante, por iso cre que deberían telo en conta, aínda que xa haberá outro momento para falalo.

2º Coa chegada do verán e o aumento das temperaturas, implica que os malos usos dos colectores de lixo sexan nalgúns casos frecuentes e continuos, se engadimos que a frecuencia da súa limpeza nesta época estival non aumenta, o problema é maior en vez de reducirse.

Tamén observamos algúns comportamentos insolidarios no referente ao depósito de residuos orgánicos directamente nos recipientes (como tirar ao lixo sen bolsas ou en horarios non axeitados, etc), contribuindo así aos malos olores.

Por esta razón, pregamos que por parte do concello se adopten medidas para intentar corrixir estes inadecuados costumes, e que por parte da concellería responsable xestionen ante a empresa concesionaria do servizo, o aumento da frecuencia da limpeza dos colectores, fundamentalmente en época de verán.

Se nos informe da periodicidade da limpeza dos mencionados recipientes do lixo.

Se desenvolva unha campaña de educación medioambiental, detallando os horarios para depositar o lixo.

Don Manuel Marante Gómez contesta que, efectivamente, hai problemas, pero todos saben que este servizo está contratado polo Consorcio. Agora mesmo, o que fan durante o verán, os meses de xuño, xullo e agosto, é lavar os colectores de lixo unha vez ao mes, e o resto do ano, cada tres meses.

O mércores que vén teñen unha reunión cos responsables do servizo da recollida do lixo do Consorcio, para ver entre outros temas estes, xunto con outras queixas e demandas dos veciños, co fin de mellorar o servizo.

Dona María Olga Santos López, de EU, solicita que, aproveitando esa reunión que teñen o mércores, dean traslado deste rogo, xa que o Concello de Cambre necesita contar con esa limpeza e bo servizo, e isto trátase de queixas que lles fixeron chegar os veciños.

3º No pleno de setembro de 2010, o noso grupo presentaba unha iniciativa en relación coa creación dun novo vial de circunvalación dende a estrada da Estación a Socampo, para tratar de desconxestionar o tráfico rodado do centro da zona urbana e para a creación de 208 prazas de aparcamento. Tendo en conta a actuación prevista para a remodelación urbana e rexeneración do campo da feira e do seu contorno, e a previsible eliminación de prazas no mencionado lugar.

O grupo municipal de Esquerda Unida, prega ao goberno municipal nos informe da situación do proxecto e das posibles alternativas para dar solución ás carencias de prazas de aparcamento.

Don Manuel Marante Gómez contesta que ese proxecto está aí, e todos consideran que debe levarse a cabo o antes posible para poder dar solución á falta de prazas de aparcamento.

Di que nas Normas subsidiarias está recollido un vial de 9 metros, que se necesita para circular, e que non dá para facer 208 prazas de aparcamento, para iso o que se necesitan son 23 metros de vial, para aparcar en batería aos dous lados, e dispoñer de dous carrís de circulación. Polo tanto, terían, ou ben que expropiarlle aos veciños o terreo necesario para facer o vial, ou mediante cesións voluntarias, aínda que non cre que os veciños estean polo labor.

Nesta situación, considera que é necesario agardar ao Plan xeral de ordenación municipal para poder recoller o vial de 23 metros que se necesita, outra cousa significaría facer un vial que non reuniría as condicións que se necesitan.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que o tema do vial viña un pouco a título de exemplo, para reflectir a situación que se poden atopar cando se vaia executar a remodelación do campo da feira, por iso preguntaba que alternativas de aparcamento vai haber cando comecen as obras.

Por outra parte, segundo lle informou o anterior alcalde, o vial previsto non era de 9 metros, senón de 11, e o pretendido para que haxa prazas de aparcamento de 22.

Pregunta se o novo goberno ten algún tipo de alternativa ou se pensou en algo para suplir as carencias que poden aparecer cando comecen as obras.

O Sr. alcalde sinala que xa dixeron antes que no tema do campo da feira vai haber un consenso cos grupos políticos e vanse recoller todas as iniciativas que teña a cidadanía, polo que falar agora da solución do aparcamento, sen ter feito o proxecto, parécelle adiantarse un pouco. Primeiro van ver o que se pode facer no campo da feira, e a medida que se vaia redactando o proxecto, buscarán a solución aos aparcamentos, el ten algunhas, pero parécelle que é adiantarse.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que se este goberno ten algunhas solucións, non estaría nada de máis que o conxunto da Corporación as coñecese, ao mellor para corrixilas, ou ao mellor para achegar algo máis. Esta é unha cuestión de diálogo.

O Sr. alcalde di que está de acordo, pero que reitera que lle parece que é adiantarse un pouco. El ten ideas e vainas expoñer, pero onde o ten que facer é na Xunta de Voceiros, non agora para responder unha pregunta aquí no Pleno, cando aínda está sen facer o

proxecto do campo da feira, que ao mellor non se fai nada, porque non chegan a un acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o seu grupo trouxo a Pleno unha pregunta e o que desexa é que se lle responda. Por outra parte, el cre que é importante adiantarse a estas cousas, non quedarse atrás.

Don Manuel Marante Gómez dille ao Sr. Taibo que el pensa que a pregunta que se trouxo aquí, xa a contestou con todo detalle, cos datos que lle facilitaron os técnicos municipais hoxe pola mañá. Pode ser que non coincidan cos do Sr. Taibo, pero máis ou menos, coinciden en que se necesitan uns 23 metros de vial para poder facer os aparcamentos. Cre que o rogo está contestado.

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12459 o día 19 de xullo de 2001, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Na estrada AC-1704 de Cambre a Carral prodúcese, habitualmente, saídas de vía por parte de vehículos que xeran situación de inseguridade para os peóns que circulan pola zona e danos en vivendas e vehículos estacionados. En concreto este grupo ten detectado dous puntos negros en zonas en curvas moi pronunciadas, sitios en Brexo, á altura da vivenda n.º 31, e na confluencia da Costa da Lapa coa autovía A-6. Tendo en conta que a citada estrada é titularidade da Deputación Provincial:

Solicitamos se dea traslado destas situacións á Deputación Provincial co fin de que se adopten as medidas necesarias para arranxar os problemas denunciados.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, engade que na Comisión Informativa tratouse o mesmo problema en canto aos accidentes que se producen á altura do número 31 de Brexo, pero eles teñen detectado tamén este problema na Costa da Lapa, na confluencia xusto da AC-1704 en dirección Carral, pasando por debaixo da autovía, unha curva, segundo se sube, que é moi pechada, e na que xa se saíron varios vehículos.

Don Manuel Marante Gómez contesta que efectivamente contestou nas Comisións Informativas a EU que formulara esa pregunta. Xa se mandara á Deputación cando foi o tema do accidente, e están de acordo en retomar este tema e comunicar á Deputación todas esas deficiencias que existen ao longo de toda a estrada.

2º Dende hai tempo os veciños da parroquia de Brexo veñen solicitando a instalación dunha rotonda na confluencia das estradas AC-1704, de Cambre a Carral, e AC-0102, de Lema a Bribes, á altura de Casa Boga, que permita o cambio de sentido dos vehículos. Reiterando esta petición veciñal este grupo:

Solicita se dea traslado desta petición á Deputación Provincial, co fin de que se acade acordo entre o Concello de Cambre e o organismo provincial para a instalación da citada infraestrutura viaria.

Don Manuel Marante Gómez acepta o rogo.

3º Outra demanda reiterada de veciños de Lema, Piñeiro, Corgo, Meixigo e Cela é a urxente construción de beirarrúas na estrada AC-1704, Cambre-Carral, no tramo que discorre por Lema, por Cela e remata en Graduil. De feito cóstanos que xa existe un proxecto municipal para a execución da citada obra. Por todo o anterior este grupo:

Solicita se reclame á Deputación Provincial a execución á maior brevidade posible desta obra, destinada a facilitar a seguridade viaria dos peóns que circulan polo citado vial.

Don Manuel Marante Gómez acepta o rogo.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 12338 o día 16 de xullo de 2001, xunto coa moción e os rogos presentados para este Pleno.

1ª A case totalidade dos camiños do concello atópanse en lamentables condicións para a circulación rodada e peonil, motivado na abundante maleza que os invade influindo na visibilidade, incrementando o perigo de accidentes, e tamén o risco de incendios.

Que actuacións ten previstas o goberno local respecto da roza e acondicionamento nestas infraestruturas de titularidade municipal?

Don Manuel Marante Gómez contesta que este luns fixéronse os informes técnicos para a adxudicación dos traballos. En canto se adxudique, comezarán inmediatamente a prestar o servizo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, sinala que se trata de algo que están reclamando os veciños insistentemente. É unha cousa moi urxente, porque hai camiños nos que é difícil cruzarse dous turismos, noutros casos hai espellos de seguridade que non se ven, ou sinais de tráfico.

Neste sentido di que lles gustaría saber se lles poden informar de se existe no concello algún medio mecánico para realizar esas tarefas sen ter que contratar a unha empresa.

Don Manuel Marante Gómez contesta que contan cun tractor preparado para rozar, ademais de rozadoras de man, pero que só se utilizan para temas puntuais, xa que o que non hai é persoal suficiente para prestar o servizo dende o concello. O ideal sería contar con persoal que durante todo o ano estivera facendo eses labores, pero a brigada de obras non dá para máis.

Nestes días estiveron utilizando puntualmente o tractor, mentres non se contrataba á empresa, para que naqueles lugares onde vai haber algunha celebración ou similar, os asistentes puideran acceder con facilidade, pero non se pode facer máis.

Don Luis Miguel Taibo Casás pensa que o tractor non se está a utilizar, que se trata dun investimento que está máis ou menos paralizado. Cre que habería que contratar xente, dous ou tres operarios, e que precisamente non hai moito houbo unha contratación de persoal e poderían dedicar dúas desas persoas a manexar esa máquina, para cubrir permanentemente un servizo que o pobo está demandando.

O que lle parece lamentable é que haxa unha máquina e que estea paralizada no concello, unha máquina que é para iso, para rozar. Cre que o mantemento dos camiños non debería ser só agora, en época estival, debería ser todo o ano, cando fixera falta. Debería formar parte da planificación do goberno, ao mellor habería que facer unha valoración antes de contratar, e se teñen unha maquinaria ver de que maneira se pode utilizar, e ver como poden contratar unhas persoas para iso, non sabe como, ao mellor pedindo unha subvención á Xunta de Galicia, xa que estarían incluso evitando incendios.

Don Manuel Marante Gómez sinala que ese tractor xa leva bastantes anos no concello. El lembra que cando se trouxo, a idea era precisamente traballar continuamente nas estradas do municipio. O problema, á parte do persoal que habería que contratar, é que nese tipo de tarefas estrégase con moita facilidade a rozadora, porque se enganxa en todo tipo de obxectos, e cando se rompe tardan bastantes días en poder arranxala. Pregunta que se fai coa xente mentres tanto.

Manifesta que houbo bastantes problemas, que a idea era a que dixo, pero que ao final non deu resultado, por iso agora só se ten aí para temas puntuais, porque as reparacións da máquina son moi caras e, ao mellor, o mantemento contratado a unha empresa dá mellores resultados, porque a empresa ten máis opcións, xa que contan con máis dunha máquina, etc. No concello había problemas dese tipo e pasaban meses nos que non se podía facer nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás quere rematar dicindo que é responsabilidade do goberno manter os camiños en debidas condicións, e o goberno é o que ten que mirar a forma de que sexa máis barato e máis eficaz.

O Sr. alcalde di que naturalmente, que o goberno sabe programar, pero que o Sr. Taibo parece que non se dá conta que isto xa debiera estar contratado polo anterior goberno. Eles levan aquí 1 mes, e, nese tempo, non dá tempo a facer un expediente de contratación. El sabe que é responsabilidade do goberno, e van deixalo programado para o ano que vén, pero este ano xa lle dixeron como está, van contratalo e inmediatamente comezarán a traballar.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que non lle poñan os exemplos do goberno anterior, agora hai un goberno novo, el fai unha pregunta, eles lle responden e punto. Tamén lles quere lembrar que esta mesma pregunta se fixo no primeiro Pleno da anterior lexislatura tanto polo PP como por EU. Tendo en conta as circunstancias que hai, cre que corresponden facela.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que lle darán solución para os próximos anos.

2ª Transcorridos case tres anos dende a aprobación dunha moción presentada e aprobada por todos os grupos representados no concello sobre as “Sendas peonís entre Pravio e a Castellana”.

Pode informarnos o responsable da área da situación na que se atopa o proxecto de seguridade viaria e saneamento na estrada AC-214 no tramo Fabás- Cambre?

Don Manuel Marante Gómez contesta que está adxudicado e está previsto que comecen a traballar a semana que vén.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, pregunta sobre o saneamento.

Don Manuel Marante Gómez responde que o Sr. Taibo pediu na anterior pregunta que se lle contestase ao que pregunta, e iso é o que el fixo agora, contestar e explicar o que lle preguntou.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que escoitou perfectamente a resposta, dixo que estaba contratado e punto, pero el vai seguir preguntando e se o Sr. Marante quere responder, que responda, e se non quere, que non o faga.

Don Manuel Marante Gómez reitera que el xa dixo que está previsto que veñan a semana que vén e comecen a traballar, e que contestou a pregunta que se fixo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídlle que non se excite, que só quería preguntar se lle pode informar cantas casas se van sanear aí, nada máis que iso, porque é o que lle piden os veciños.

Don Manuel Marante Gómez responde que el contestou á pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que así llelo transmitirá aos veciños, e lémbrale ao Sr. concelleiro que contestarlles ás preguntas tamén lle vai no soldo.

Don Manuel Marante Gómez dille que tamén lle vai ao Sr. Taibo facer ben as preguntas, e que as casas van quedar todas saneadas.

O Sr. alcalde pide que pasen á seguinte pregunta.

3ª Veciños/as das zonas máis urbanizadas do concello: O Temple, A Barcala e o centro da capital municipal (Cambre) transmitiron á nosa organización as carencias derivadas do incumprimento das normas de tráfico, en relación cos vehículos que non respectan os sinais que regulan os aparcamentos, e a ocupación dos espazos reservados para vehículos de discapacitados, impedindo en moitos casos o acceso aos seus garaxes e o correcto tránsito dos peóns. Estes problemas derivan nalgún caso en altercados, que obrigan á intervención da Policía Local, e non contribúen á convivencia harmónica entre a cidadanía.

No ánimo de facilitar o debido uso peonil das nosas rúas e eliminar as barreiras que se producen a diario, influindo negativamente na mobilidade das persoas e máis concretamente das que teñen problemas de mobilidade.

Que actuacións ten previsto levar a cabo o goberno local co fin de facer cumprir as normas de tráfico establecidas e controlar o mencionado abuso por parte de quen non as respecta?

O Sr. alcalde contesta que a Policía Local, como xa se di na argumentación da pregunta, fai o seu traballo, sanciona a quen ten que sancionar. O certo é que os que incumpren sistematicamente son sempre os mesmos, e a sanción terá que ser maior cada día. En canto a que actuacións ten previsto levar a cabo o goberno local, a resposta é que ningunha, por unha sinxela razón, porque o que aparca mal é o individuo. Se a un que aparca mal teñen que poñerlle bolardos na beirarrúa para impedirle que aparque, parécelle que estarían incivilizando ao país ou facendo illamentos.

Por tanto, a Policía Local está facendo o seu traballo, el pasaralles un informe do traballo que están facendo, pero se a pregunta é se vai colocar bolardos nas beirarrúas, xa lles di agora que non.

Dona María Olga Santos López, de EU, agradece a resposta do Sr. alcalde e tamén a súa forma de responder fronte a outro tipo de respostas que se deron ao seu grupo.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 12459 o día 19 de xullo de 2001, xunto cos rogos presentados para este Pleno.

1ª Un dos temas que preocupan aos veciños de Cambre, en especial a aqueles que residen en zonas urbanas, é a proliferación de pintadas e graffitis que deslucen a imaxe do noso concello. Sendo conscientes do traballo que a Policía Local de Cambre ten desenvolvido para perseguir aos seus autores, traballo que a todas luces non ten producido os efectos desexados, este grupo pregunta:

Que medidas ten previsto poñer en marcha o goberno municipal para erradicar estas condutas incívicas que afectan sobremaneira ao ornato público, así como para eliminar as pintadas xa existentes?

O Sr. alcalde contesta que son dúas preguntas nunha. É certo que a Policía Local está perseguindo este tema, pero se el agora contestase á pregunta correría o risco de vulnerar o legalmente previsto, por iso lle propón que esta mesma pregunta se faga na Xunta de Voceiros, e el comprométese a contestar con todo detalle cales son as actuacións que se están levando a cabo.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, di que está de acordo e explica que, en principio, a pregunta o único que manifesta é a preocupación que neste concello produce este tipo de actuacións incívicas, xa que parece como se fora o concello do contorno máis atacado por este tipo de condutas.

En todo caso, aceptan tratar do tema na Xunta de Voceiros, e poder así reflexionar máis profundamente sobre o asunto.

O Sr. alcalde agradécello porque salienta que a el, como responsable do tema de mobilidade e da Policía Local, este tema tamén é unha preocupación, e unha das preocupacións que levaron incluso no seu programa electoral. En todo caso, conclúe dicindo que a Policía Local está facendo o seu traballo, ten o seu informe feito, e el prefire que o discutan na Xunta de Voceiros.

2ª Denuncian veciños do Temple o perigo que sofren cando intentan incorporarse cos seus vehículos á rúa Tapia dende a rúa Otero Pedraio. O citado perigo xurde da permanente presenza de coches mal aparcados na confluencia de ambos viais o que impide a visión dos vehículos que suben, frecuentemente a gran velocidade, en dirección ao Seixal, xerándose graves situacións de risco. Por iso este grupo pregunta

Que ten pensado facer o goberno municipal para evitar esta situación?

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, aclara que se está referindo á zona en fronte da denominada cafetería Coors, onde hai unha ampliación da beirarrúa, se aparca enriba dela, e á hora de saír hai unha situación moi perigosa.

O Sr. alcalde contesta que o outro día un veciño lle dixo exactamente o mesmo. Este é un problema que teñen que estudar, o primeiro cando se remate unha actuación que hai que facer nunha rúa que está sen pavimentar. En canto se remate, vaise reordenar todo ese tráfico, as rúas Estanque, Otero Pedraio e demais. É moi posible que esa rúa teña que ter o sentido do tráfico ao revés, pero é un tema que, en canto pavimenten aquel tramo, o falarán coa Policía Local e mirarán a reordenación de todo ese tráfico.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia